




CONSORCIO DE  
SANTIAGO

Newsletter

Galego\_ Febreiro 2020



## REHABILITACIÓN

### Axudas para o mantemento de edificios

O Consorcio de Santiago ten en marcha unha nova convocatoria do programa “Terémanter”, dirixido ao mantemento e mellora da eficiencia enerxética da envolvente exterior dos edificios da cidade histórica, que inclúe ademais as actuacións sobre os elementos especiais de madeira e reixas. A esta convocatoria destinaranse 300.000 €. O prazo para solicitar estas axudas remata o 2 de marzo.

### Licítase o servizo de mantemento e reparación dos pavimentos da cidade histórica

No marco do Programa “A pedra que pisas”, o Consorcio licitou o servizo de mantemento e reparación dos pavimentos do recinto intramuros da cidade histórica para os vindeiros doce meses por 187.095 €. As empresas interesadas teñen de prazo ata o 9 de marzo para presentar as súas propostas.

## PUBLICACIÓNS

### Novas publicacións sobre a Compostela medieval e o conxunto de San Domingos de Bonaval

O Consorcio e a Universidade de Santiago publicaron *Iglesia, mentalidad y vida cotidiana en la Compostela medieval*, do historiador Xosé M. Sánchez, que analiza a vida cotiá e a mentalidade colectiva na Compostela medieval.


Ademais, o Consorcio e Teófilo Edicións sacaron á luz *Bonaval, de onte a hoxe. Da arquitectura á cidade*, dos arquitectos Xerardo Estévez, Celestino García e Adrián Alonso, e a historiadora María Xosé Fernández. Analiza os 800 anos de historia do conxunto de San Domingos de Bonaval.



## EXPOSICIÓNS

### A exposición “Des\_facendo o xénero (a través da arte)”, na Casa do Cabido

A Casa do Cabido acolle a exposición “Des\_facendo o xénero (a través da arte)”, un conxunto de obras plásticas (pintura, debuxo, escultura, fotografía...) e textos literarios que propón romper coas identidades de xénero. Participan dez artistas -Óscar Aldonza, Xoana Almar, Thomas Apostolou, Belén Chorén, María Eiras, Carlota de Leal, Pablo Martínez, Monica Mura, João Pires e Neves Seara- e tres escritoras -Alicia Díaz, Silvana Lameiro e Patricia Meira-.



## MÚSICA

### A RFG, de xira por Austria

A Real Filharmonía de Galicia comeza marzo cunha xira internacional de catro concertos (días 4, 5, 6 e 7) polas cidades austríacas de Salzburgo e Bregenz, con dous programas diferentes, centrados no repertorio orquestral español. A batuta levaraa o mestre Pablo González, director titular da Orquesta Sinfónica de RTVE. Ademais, acompañarán á RFG a pianista Claire Huangci, o guitarrista Enrike Solinís e a cantaora María José Pérez.



O 19 en Santiago e o 20 en Ourense Nuno Coelho dirixirá o programa “Viva Beethoven”. O 25 en Vigo, o 26 en Santiago e o 27 en Ferrol, regresará Paul Daniel, cun novo programa dedicado a Beethoven no 250º aniversario do seu nacemento.